

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE MARZO DE 2020, POLA QUE SE DICTAN INSTRUCIÓN S PARA O PECHE AO PÚBLICO DAS INSTALACIÓ NS E GARANTÍA DA CONTINUIDADE NA PRESTACIÓ N DO SERVIZO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POR MOR DO COVID-19 (SARS-CoV-2)

No marco das previsió ns contidas no Plan de continxencia da Universidade da Coruña por mor do COVID-19 (SARS-CoV-2) e co obxectivo prioritario de protexer a saúde do conxunto da comunidade universitaria e garantir que a formación académica do estudiantado poda completarse no presente curso, dítanse as seguintes instrucións:

1ª.- Chámase ao conxunto da comunidade universitaria e á sociedade en xeral a seguir as instrucións ditadas polas autoridades sanitarias, extremando os coidados e evitando o contaxio.

2ª.- Desde o día 16 de marzo péchase o acceso de usuarios e usuarias e do público en xeral ás instalacións e dependencias da Universidade da Coruña.

3ª.- A fin de garantir a continuidade na prestación do servizo público universitario e os dereitos do estudiantado adóptanse as seguintes medidas:

### A) Docencia

Suspéndense a actividade docente presencial na UDC nos termos da instrución sobre medidas extraordinarias de adaptación das actividades académicas á suspensión da actividade docente presencial.

### B) Servizos administrativos

- Na aplicación destas medidas terase en conta de forma prioritaria a continuidade no funcionamento dos servizos da UDC.

- Redución de xornada laboral: establécese unha xornada laboral de 25 horas á semana, de luns a venres, de 09:00 a 19:00 horas.

- Flexibilidade da xornada laboral: as persoas responsables da unidade, xefe/a de servizo, dirección do centro, decanato ou dirección da biblioteca, permitirán a flexibilización da xornada laboral do persoal, dando prioridade a quen teña ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores.

- Modalidade de prestación de traballo: priorizarase a realización da modalidade non presencial ou telemática de traballo, no que o persoal desenvolve as tarefas asignadas ao seu posto de traballo fóra das dependencias da UDC, sempre que sexa posible.

Código Seguro De Verificación	OrQ/xkIC+37thFrYmC/r3w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	14/03/2020 12:13:47
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/OrQ/xkIC+37thFrYmC/r3w==">https://sede.udc.gal/services/validation/OrQ/xkIC+37thFrYmC/r3w==</a>		



Nos servizos da UDC, as persoas que ocupen as xefaturas de servizo ou de unidades comunicarán á Xerencia (correo: [servizo.pas@udc.gal](mailto:servizo.pas@udc.gal)) a relación de persoas que prestarán os seus servizos na modalidade non presencial.

Unha vez realizada a comunicación á Xerencia, formularase a solicitude individualizada a través do portal do persoal (categoría "teletraballo").

Nos centros da UDC, a referida relación será comunicada polo decanato ou dirección, previo acordo coas persoas responsables da administración e biblioteca.

As persoas que se acollan a esta modalidade, deberán desviar o número de teléfono do seu posto de traballo ao seu número de teléfono persoal do seguinte xeito: \*600número teléfono. Lémbrese que para toda a comunidade universitaria está disponible a ferramenta Teams que permite chats e videoconferencias (máis información en <https://axudatic.udc.gal>).

- Prestación de servizo presencial: as modalidades presenciais de prestación de servizo dirixiranse exclusivamente ao PDI e o PAS.

- Persoal sensible: se nalgún momento as recomendacións sanitarias así o aconsellaren, a Xerencia disporá que o persoal especialmente sensible se poida ausentar do posto de traballo, entendendo por tal o seguinte:

- a) Empregados/as públicos/as con patoloxías concorrentes ou enfermidades crónicas
- b) Empregadas públicas embarazadas.
- c) Aquelas outras categorías de persoal que se determinar en atención ás súas circunstancias particulares.

- Para o caso de que ambos os proxenitores ou responsables da persoa maior dependente teñan a condición de persoal empregado público, non se poderá aplicar esta medida simultaneamente.

- A concesión de permisos, licenzas e vacacións quedará condicionada ás necesidades do servizo derivadas desta situación excepcional.

- Instalacións da universidade: entre as 09:00 e as 19:00 horas, todos os edificios docentes, administrativos e de investigación deberán contar co persoal mínimo que garanta a seguranza e o acceso a todo o PDI e o PAS que o precisaren. A este fin, as persoas responsables de cada centro determinarán o persoal mínimo necesario.

As residencias universitarias permanecerán abertas.

Julio Abalde Alonso  
Reitor

Código Seguro De Verificación	OrQ/xkIC+37thFrYmC/r3w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	14/03/2020 12:13:47
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/OrQ/xkIC+37thFrYmC/r3w==">https://sede.udc.gal/services/validation/OrQ/xkIC+37thFrYmC/r3w==</a>		

